




Perspectivas do mercado do leite e os produtos lácteos na Unión Europea ata o ano 2031

Nas seguintes páxinas analizamos a evolución estimada da produción de leite da UE ata 2031, considerando a importancia cada vez maior da sustentabilidade e do cumprimento das normas medioambientais.

Jesús Cantalapiedra Álvarez¹, Joaquim Lima Cerqueira^{2,3}, José Pedro Araújo^{1,4}, Marcio Vargas Ramella⁵, Mercedes Camiña García⁶

¹Servizo de Gandería de Lugo, Xunta de Galicia

²Escola Superior Agrária, Instituto Politécnico de Viana do Castelo (Ponte de Lima, Portugal)

³Centro de Ciência Animal e Veterinária (CECAV), Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), Vila Real (Portugal)

⁴Centro de Investigação de Montanha (CIMO), Bragança (Portugal)

⁵Universidade do Estado de Santa Catarina (UDESC), Campus CERES (O Brasil)

⁶Departamento de Fisioloxía, Universidade de Santiago de Compostela (USC)

euro, as previsións do produto interior bruto (PIB), a análise e as incertezas dos mercados agrícolas, as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), o mercado de produtos animais de China e as contribucións de expertos en modelización e mercados, empresas privadas e organizacións internacionais como a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO).


Conclúese que o crecemento da produción de leite da UE ata 2031 se retardará e que se enfocará cara á sustentabilidade e ao cumprimento de normas medioambientais máis estritas, o que conducirá a unha redución de emisións de gases de efecto invernadoiro estimada nun 11 % e un descenso de aproximadamente 1,5 millóns de vacas para 2031.

A comezos do mes de decembro do ano 2021 a Comisión Europea publicaba o informe *EC (2021) EU agricultural Outlook formarkets, income and environment 2021-2031*, onde se estiman as proxeccións para o medio ambiente, a renda e os mercados agrícolas (incluíndo o leite e os seus derivados)

nos vindeiros dez anos. O devandito informe, desenvolto pola Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural (DG AGRI) e o Centro Común de Investigación (CCI), fundaméntase nun conxunto de supostos macroeconómicos que incluían, entre outros, o prezo do petróleo, as previsións da poboación, o tipo de cambio dólar/

► CALCÚLASE QUE OS PRODUTOS LÁCTEOS, ESPECIALMENTE O QUEIXO, PODERANSE BENEFICIAR AÍNDÁ MÁIS DOS ESQUEMAS DE CALIDADE (IXP E DOP EXISTENTES NOS DIFERENTES PAÍSES)

Figura 1. Evolución da produción de leite na UE (millóns de t), número de explotacións leiteiras (1.000) e o seu tamaño medio



Fonte: Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural, baseada en Eurostat

Os agricultores beneficiaranse aínda máis dos custos e das estratexias de alimentación sostibles e dunha maior produtividade e xestión do rabaño baseada na mellora da fertilidade, a esperanza de vida das vacas, a cría de razas de mellor rendemento e o aumento das lactacións.

Calcúlase que os produtos lácteos, especialmente o queixo, se poderán beneficiar aínda máis dos esquemas de calidade (IXP e DOP existentes nos diferentes países), ao igual que ocorre en Francia, onde xa supoñen arredor do 12,5 % da recollida nacional de leite en 2020. ►►

CALCITOP

Calcitop es un bolo de calcio diseñado para prevenir la deficiencia de calcio (hipocalcemia) después del parto.

Su completa fórmula contiene: **calcio** (una fuente rápida y otra lenta), **fósforo**, **magnesio** y **vitamina D3**.

DISTRIBUIDOR
PARA ESPAÑA:

+DISTRIGEN

📍 Ansoáin (Navarra)


📞 649 466 728

✉️ distrigen@distrigen.es



Para más información de nuestros productos,
por favor visite: www.resco-global.com/es

Figura 2. Importacións mundiais de produtos lácteos seleccionados (millóns de t de equivalente de leite)



► OS SISTEMAS EXTENSIVOS BASEADOS EN PASTOS [...] CRECERÁN, XERANDO MAIOR VALOR ECONÓMICO, MELLORAS AMBIENTAIS, DA BIODIVERSIDADE E DO BENESTAR ANIMAL, E REDUCIRASE DE XEITO SIGNIFICATIVO O USO DE ANTIBIÓTICOS

Aumentarán os sistemas de produción alternativos en relación cos sistemas convencionais. Os sistemas extensivos baseados en pastos, que actualmente representan ao redor do 19 % da produción de leite da UE e a produción de leite orgánico, crecerán, xerando maior valor económico, melloras ambientais, da biodiversidade e do benestar animal. Tamén se reducirá de xeito significativo o uso de antibióticos. Todos estes factores *lentificarán* o crecemento da produción de leite ao 0,5 % anual e alcanzaranse ao redor de 162 millóns de toneladas para 2031.

A demanda e, por tanto, a produción de leite ecolóxico gañará cota de mercado a nivel mundial e en Europa de forma moi evidente (do 3,5 % ao 8 % do total producido ata o ano 2031), duplicándose o número de reses en gran medida polas inquietudes da sociedade pola ética, a seguridade alimentaria, a saúde e o benestar animal.

Aínda que este tipo de produción está máis exposta ás variacións do clima, a dispoñibilidade de alimentos e a custos máis elevados en comparación coas granxas leiteiras non orgánicas (+18 % en sistemas intensivos e 3 % en sistemas extensivos), espérase que a cadea alimentaria valorice os beneficios existentes deste tipo de produción, se mellore a súa etiquetaxe, o seu coñecemento e o consumo de lácteos orgánicos, considerando que un 44 % dos consumidores europeos xa buscan activamente este tipo de produtos. Tamén outros sistemas de produción se poderán amosar como alternativa para os agricultores, cun recoñecemento relativamente alto por parte

dos consumidores (por exemplo, de alimentos libres de transxénicos).

Aínda que a UE se beneficiará da crecente demanda orgánica do mercado mundial, este mercado seguirá dominado polos Estados Unidos e China quedará como o país que rexistrará o crecemento máis alto (estimado en 2 díxitos).

No futuro próximo tamén se espera un gran crecemento potencial para os produtos lácteos no mercado de fórmulas infantís orgánicas, para o cal a demanda de importación podería crecer en China, a pesar dunha caída no que respecta á categoría convencional. En consecuencia, tamén podería haber oportunidades considerables para os produtos lácteos orgánicos da UE no contexto do comercio global mundial.

Durante este período a UE será líder na comercialización de produtos lácteos de calidade (30 % do comercio mundial de produtos lácteos en 2031), aínda que, no que respecta á produción, o seu crecemento situarase entre Nova Zelandia (+0,2 % anual) e Os EE. UU. (+ 1,2 %). Os países en desenvolvemento medrarán máis, incrementando considerablemente os efectivos da súa manda, o que pode alterar o balance global de emisión dos gases de efecto invernadoiro (GEI) a nivel mundial. A demanda de produtos lácteos será máis forte en Asia (máis do 17 % anual, excluída India), debido ao aumento dos ingresos e á occidentalización das súas dietas, seguida de África (14 % anual), apoiada por un forte crecemento da súa poboación e do seu poder adquisitivo, aínda que en ambos os casos o consumo per cápita se

manterá moi por baixo dos niveis dos mercados tradicionais de consumo de lácteos (europeos e norteamericanos principalmente). As exportacións aumentarán fundamentalmente nos queixos, os produtos lácteos frescos, as fórmulas para lactantes e o soro en po.



As calidades nutricionais e saudables destes alimentos permitiránlles aos fabricantes crear novos produtos que atraian aos consumidores

Aínda que o queixo na UE é o produto que crea maior valor engadido, as calidades nutricionais e saudables destes alimentos lácteos permitiránlles aos fabricantes crear novos produtos que atraian aos consumidores. Como no pasado, o queixo beneficiarase máis do leite producido adicionalmente na UE para 2031 (+0,7 % por ano, preto do 40 %), xerando o valor máis alto (ao redor de 40.000 millóns de euros). O leite desnatado en po e o soro en po seguirános de preto en termos de contribución ao crecemento en termos de volume, pero cunha brecha de valor máis alta (5 mil millóns e 3,5 mil millóns de euros, respectivamente). O mercado da UE seguirá sendo o principal consumidor ►►

¿ERES UNA
GRAN PRODUCTORA
COMO YO?

**NECESITAS
METIONINA**

ruminants.adisseo.com/es/



ESCANÉAME



Smartamine® & MetaSmart®

MAS QUE LECHE

¡Todas las vacas necesitan metionina!

En múltiples estudios universitarios y pruebas de campo, el uso de Smartamine® M y MetaSmart® para equilibrar las raciones ha demostrado generar:

- Más leche, más proteína, más grasa.
- Mayor disminución de los trastornos metabólicos en el periodo de transición.
- Mejora la eficiencia reproductiva: salida en celo y gestaciones a término.

De la manera más rentable posible.

Confía en Adisseo, líder mundial en nutrición con aminoácidos en ruminantes desde los 90s.

Contacta hoy mismo con nuestro equipo técnico.

+34 974316092

Info.nasp@adisseo.com



ruminants.adisseo.com/es/

▶ ÁÍNDA QUE A UE SE BENEFICIARÁ DA CRECENTE DEMANDA ORGÁNICA DO MERCADO MUNDIAL, ESTE SEGUIRÁ DOMINADO POLOS EE. UU. E CHINA QUEDARÁ COMO O PAÍS QUE REXISTRARÁ O CRECEMENTO MÁIS ALTO



Estímase que os produtos orgánicos e outros produtos diferenciados apoién o consumo de leite e iogur

do leite da UE incluso se as exportacións puidesen gañar algunhas cotas (17 % en 2031 en comparación con 15 % en 2021).

Espérase que a nutrición e os alimentos funcionais impulsarán a demanda de produtos lácteos da UE (a adición dun ingrediente lácteo a diferentes produtos alimenticios, a innovación en sabores e texturas, os usos diferenciados na cociña ou os servizos alimentarios, a presenza de produtos a base de plantas (por exemplo, améndoas, avea, chícharos...) ou os produtos lácteos nutricionais e clínicos que apoién necesidades de saúde específicas.

A compra de lácteos tradicionais permanecerá estable, cun crecemento do consumo interno per cápita limitado (2 kg menos que en 2011-2021), dado o nivel xa alto que existe. O incremento das exportacións beneficiará a produción de queixos e produtos lácteos frescos. Concretamente, a proxección para estes 10 anos é que máis da metade (57 %) da produción de queixo da UE (0,7 % anual) podería ser absorbida polas exportacións crecentes (3 % anual), o que permitiría á UE seguir sendo o maior exportador de queixo mundial (47 %). Tamén se espera chegar a un pico de exportación nos produtos lácteos frescos, chegando no ano 2031 ao redor dos 1,8 millóns de toneladas (retardándose o consumo neste período do -0,2 % fronte ao -0,5 %). Estímase que os produtos orgánicos e outros produtos diferenciados apoién o consumo de leite e iogur, mentres que a cociña caseira podería favorecer o consumo de nata. A compra de manteiga nos países eu-

ropeos será estable, pero aumentará a demanda fóra do ámbito europeo, xa que o comercio mundial de manteiga continuaría crecendo a un ritmo similar ao de 2011-2021 (+10 % en comparación co ano 2021).

A UE seguirá sendo moi competitiva no comercio mundial de leite en po, que aumentará o seu procesamento pola crecente demanda de importación de ingredientes de alta calidade e o déficit de leite existente nalgúns mercados en expansión, aínda que en menor medida que no período 2011-2021. En concreto, para o leite desnatado en po, o principal estímulo provirá do crecemento das exportacións (máis de 1 millón de toneladas para o ano 2031, +2 % por ano).

Os usos domésticos impulsarán o crecemento da produción de soro en po nun 70 % no ano 2031. Tamén podería aumentar o uso de leites en po orgánicos en produtos nutricionais e clínicos (como fórmulas para diferentes idades).

O prezo do leite cru na UE aumentará pola maior demanda mundial de proteínas lácteas, os produtos de alto valor engadido, a diferenciación do mercado en produtos de calidade e a forte valorización sostida da graxa láctea, que se estima que compensarán o aumento dos prezos da enerxía e os pensos.

CONCLUSIÓN

- Espérase que aumenten a produtividade e a sustentabilidade da produción de leite da UE e crezan os sistemas de produción alternativos, especialmente os orgánicos/ecolóxi-

cos, que evitarían a diminución da cabana gandeira.

- Os produtos nutricionais e funcionais impulsarán a demanda de produtos lácteos na UE e as exportacións a mercados emerxentes apoiarán a produción de queixo, produtos lácteos frescos, soro en po e manteiga.
- Europa manterá a súa posición dominante no comercio mundial de leite en po e seguirá sendo o maior exportador mundial de produtos lácteos.
- Para o 2031, espérase que o incremento da demanda de proteínas lácteas e a revalorización da graxa impulsen un aumento no prezo do leite cru que compensará os custos da súa produción.
- Os beneficios proxectaranse tanto nos mercados nacionais como nos mundiais, en consonancia coa crecente conciencia sobre a saúde, a sustentabilidade e a vontade de remunerar os agricultores polos seus esforzos ambientais, sociais e de mellora do benestar animal. ■

REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA

EC (2021) *EU Agricultural outlook for markets, income and environment 2021-2031*, European Commission, DG Agriculture and Rural Development, Brussels